

**RESOLUCIÓN do Tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, da Axencia Turismo de Galicia, por concurso-oposición, pola que se aproba e se fai pública a baremación provisional de méritos da fase de concurso.**

En sesión que tivo lugar o 11 de marzo de 2024, o Tribunal, nomeado pola Resolución do 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso nas categorías de profesor/a de hixiene, dietética e nutrición (grupo I) e profesor/a do departamento de servizos (grupo II), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria

ACORDOU:

**Aprobar a baremación provisional de méritos da fase de concurso da persoa aspirante que superou a fase de oposición,** pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, ao proceso selectivo extraordinario para o ingreso no grupo e categoría seguinte:

**- Profesor/a do Departamento de servizos (grupo II).**

A baremación provisional de méritos, completa e parcial de acordo ao establecido no apartado III.1.1 das bases da convocatoria (experiencia profesional, formación e lingua galega), recollida no Anexo I, poderase consultar no taboleiro de anuncios do portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>.

De conformidade co disposto no apartado III.5 das bases da convocatoria, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar unha reclamación ante o Tribunal, dirixida á persoa titular do órgano convocante, no prazo de dez (10) días contados a partir do seguinte ao da publicación da citada baremación no DOG.



## ANEXO I

A baremación provisional de méritos da fase de concurso das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición, é a seguinte:

N.º	NIF	APELIDO1	APELIDO2	NOME	Experiencia profesional (30 puntos)	Cursos de formación (7,5 p.)	Galego (2,5 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL (40 puntos)
1	***6596**	LIS	PRIETO	ROCÍO	18	1,75	0	19,75

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

Vº e Prace  
O presidente

Antonio Casas Calviño

